

Comezan as obras para crear a senda peonil entre A Susana e A Eirexe

Os traballos de construción da senda peonil entre os núcleos de A Susana e A Eirexe (Boqueixón) xa están en marcha. Esta actuación, financiada pola Consellería de Infraestruturas, conta cun orzamento de 600.000 euros e o prazo de execución é de 6 meses.

“Esta nova infraestrutura permitirá mellorar a mobilidade dos veciños e veciñas de Boqueixón, podéndose desprazar entre estes dous núcleos con total seguridade”, indica o alcalde boqueixanés, Manuel Fernández, quen agradeceu a boa disposición da Xunta de Galicia para mellorar a seguridade vial nunha zona de elevado tránsito de peóns.

Esta senda de uso mixto (para peóns e bicicletas) terá un ancho mínimo de

1,8 metros e unha extensión de máis de dous quilómetros, divididos en dous treitos, discorrendo ao longo da AC-960. O primeiro deles esténdese entre os puntos quilométricos 0 e 0,810 (de A Susana ao polígono industrial de Sergude) e o segundo, entre os puntos quilométricos 1,170 e 2,250 (do parque empresarial ao núcleo de A Eirexe). Debido ao desenvolvemento destes traballos, acometeranse cortes puntuais nun dos carrís desta estrada comarcal.

A obra completárase coa instalación da correspondente sinalización horizontal e vertical. Tamén se executará o sistema de drenaxe de augas pluviais baixo a senda, así como a reposición e ordenación dos servizos.



Traballos á altura do núcleo de A Susana, no límite co Concello de Boqueixón



Os traballos requiren cortes puntuais dun dos carrís da estrada comarcal

O alcalde iniciou a súa rolda de encontros coa veciñanza

O alcalde de Boqueixón, Manuel Fernández Muñín, iniciou a súa rolda de reunións cos veciños e veciñas das parroquias. O obxectivo destes encontros é, en verbas do rexedor, “coñecer de primeira man as necesidades da veciñanza e buscar solucións conxuntas aos problemas que se lles plantexan”.

As primeiras citas desenvólveronse nas parroquias de Gastrar, Lestedo e Sergude. O rexedor estivo acompañado nestes encontros acudiron tamén outros membros do executivo boqueixanés, como os concelleiros María del Carmen Botana, Jesús José Santasmarinas ou Alejandro Bermúdez.



Un intre do encontro coa veciñanza desenvolvido no local social de Lestedo

Éxito das visitas teatralizadas a Ponte Ledesma con máis de 160 asistentes

Máis de 160 persoas participaron nas dúas visitas teatralizadas a Ponte Ledesma, organizadas polo Concello de Boqueixón, en colaboración co veciño de Vila de Cruces. A última das sesións desenvolveuse o pasado sábado 10 de marzo e contou coa presenza de arredor de 50 asistentes. A esta segunda cita acudiu o alcalde de Boqueixón, Manuel Fernández, quen se amosou moi satisfeito polo interese suscitado por estas actividades.

Aínda que as previsións meteorolóxicas apuntaban a condicións adversas, o tempo deu unha tregua en ambos percorridos. Estes foron dirixidos polo guía turístico e actor Suso Martínez, que encarnou ao Capitán do Armamento Popular de Trasdeza, Benito

Martínez, e que levou aos asistentes por puntos de interese coma o Campo do Río, a ponte medieval ou a veciña parroquia de Gres.

A través desta personaxe, explicouse aos presentes como no 1809 se libraba unha batalla nesta emblemática ponte entre as tropas de Napoleón e o exército de campesiños. A súa valentía e loita levou a parar, aínda que fose temporalmente, o avance do exército francés grazas ao apoio dos veciños e veciñas que batallaron armados con trabucos e apeiros de labranza.

Dende o Concello de Boqueixón valoraron moi positivamente a boa acollida destas visitas teatralizadas. De feito, a intención é darlles continuade para o próximo ano.



O punto de inicio do percorrido foi o Campo do Río coa vista da Ponte Ledesma



As visitas chegaron ata a parroquia de Gres, no concello de Vila de Cruces



Monte Demostrativo do Pico Sacro

O alcalde de Boqueixón participou na inauguración do Monte Demostrativo do Pico Sacro. Unha iniciativa promovida polo Grupo Inditex e coordinada pola Asociación Forestal de Galicia, en colaboración con diversas entidades. O proxecto ten como obxectivo a xestión profesionalizada de 18 hectáreas forestais.



Charla informativa sobre axudas Leader

O local social de Lestedo acolleu unha charla informativa sobre Axudas Medida Leader 2014-2020, organizada polo GDR Terras de Compostela. Na sesión informouse a unha trintena de empresarios e emprendedores de Boqueixón e Vedra sobre as posibilidades de financiación a través dos fondos europeos.



Rapaces e rapazas xunto co mural co gaio do Día Internacional da Muller

A cativada creou un mural co gaio do Día Internacional da Muller

O Centro de Información á Muller (CIM) do Concello de Boqueixón propiciou a participación da infancia do municipio na elaboración dun mural conmemorativo do Día Internacional da Muller.

Mediante un obradoiro de pintura na ocioteca municipal, no que participaron un total de 25 nenos e nenas de entre 5 e 11 anos, preparouse o mural. Este foi colocado no interior da Casa Consistorial o propio 8 de marzo.

O mural incorporou, xunto á inscrición *8M Día da Muller*, a imaxe dunha muller que o CIM utiliza

para a súa habitual campaña desta efeméride. Como en anos anteriores, o lema da campaña co gaio desta efeméride foi *Hoxe non quero bicos, tampouco flores, quero igualdade. Todos os días son 8 de marzo.*

Este mural pola igualdade é unha iniciativa que o Centro de Información a Muller de Boqueixón vén organizando nos últimos anos co propósito de concienciar a toda a poboación, e en especial á xente máis nova do municipio, sobre a necesidade de erradicar calquera tipo de discriminación por razón de xénero.

Aberto o prazo de solicitude de prazas para a Escola Infantil Municipal

O prazo de solicitude de prazas de novo ingreso e renovacións para a Escola Infantil Municipal *Raiña Lupa* de Boqueixón estará aberto ata o 30 de abril de 2018.

Para optar ás prazas, os solicitantes deben estar empadroados no termo municipal. A idade mínima é de 3 meses na data de ingreso e a máxima, non ter cumprido

os tres anos de idade a 31 de decembro de 2018.

A consulta de máis detalles sobre a documentación que se debe achegar e descarga de impresos a adxuntar coa solicitude pódese realizar na web municipal do Concello de Boqueixón.

Máis información, no Departamento de Servizos Sociais (981 513 106).

V Certame de Relatos Xosé Neira Vilas

A Biblioteca Municipal de Boqueixón, en colaboración coa Fundación Xosé Neira Vilas e o CPI Antonio Orza Couto, vén de convocar o V Certame de Relatos Xosé Neira Vilas. O concurso está dirixido a alumnos e alumnas de Boqueixón e dos centros educativos do conce-

llo dende 3º de Primaria e para toda Secundaria. A admisión de traballos -orixinais, escritos en galego e de temática libre- finalizará o próximo 20 de abril e deberanse entregar na Biblioteca Municipal.

As bases completas do certame pódense consultar na web municipal.

Novidades de primavera na Biblioteca

A Biblioteca Municipal de Boqueixón conta con 29 novos libros para adultos e cativada, dispoñibles todos eles para o préstamo a domicilio. O catálogo de novidades de primavera pódese consultar na web municipal.

Dende o centro de lectura animan a toda a poboación a probar as plataformas GaliciaLe e eBook DiCoruna. Ofrécese a posibilidade de realizar préstamos de libros electrónicos. Máis información, na Biblioteca.

Gañadores do concurso Unha mirada ao Entroido

O Concurso de Fotografía *Unha mirada ao Entroido* deu a coñecer os seus gañadores. O xurado deste certame estivo composto por María Cruz Ferreiro Sanín, María Victoria Negrín Blanco e Ana Beatriz Díaz Míguez.

O primeiro premio, na

modalidade *Entroido en Sergude* recaeu en Paula Míguez Vilas. pola fotografía titulada *O correo Anxo*, e o da sección *Entroido en Lestedo* foi para Antía Castro Vázquez. Os segundos postos de cada unha das categorías quedaron desiertos.



Sobre estas liñas, as dúas imaxes vencedoras do certame de fotografía

A OMIX convoca o seu programa de voluntariado xuvenil

A OMIX de Boqueixón vén de abrir o prazo de solicitudes para o seu programa de voluntariado xuvenil dirixido á mocidade de entre 16 e 30 anos.

As áreas onde se desenvolverán as accións de voluntariado son atención a pelegríns, dinamización sociocultural, accións ambientais, campo de traballo, campamentos, etc. As persoas voluntarias contarán con formación, seguro de accidentes e de R.C, e terán cubertos os gastos de desprazamento e de manutención.

Acción de Verán'18 oferta tres campamentos para a mocidade

Os Concellos de Boqueixón e Vedra están a elaborar a Acción de Verán'18. Esta contempla a oferta de 3 campamentos.

Dous deles están dirixidos á poboación infantil (para nados/as 2006 a 2009, ambos inclusive) e á xuvenil (nados/as 2002 a 2005, ambos inclusive). Os campamentos desenvolveranse en O Terrón (Vilanova de Arousa) do 1 ao 8 de xullo. A sección infantil aloxaranse en apartamentos, e no da xuvenil, en bungalows.

O prezo das actividades é de 185 €. O prazo de inscrición finaliza o 27 de abril.

Para a mocidade nada de 2000 a 2004, ofértase o campamento *Recreando*. Este contempla unha viaxe do 8 ao 15 de xullo. Os participantes pasarán 3 días en Salou (Port Aventura) e 4 no campamento Benicarló. A actividade ten un custo de 165 €. O prezo non inclúe nin voo nin entrada ao parque de PortAventura.

As inscricións realizaranse entre os días 11 e 20 de abril no Departamento de Cultura ou no e-mail cultura@boqueixon.com.

Para formalizar as inscricións para as actividades da Acción de Verán'18 cóm-

pre presentar a ficha de inscrición (na web municipal) e o resguardo de pagamento, ata 10 días antes da actividade. O ingreso debe realizarse na conta do Concello de Vedra de ABanca ES44 2080 0330 1731 1000 0020. En caso de non entregar o xustificante de ingreso, procederase á baixa.

As prazas son limitadas e terán preferencia os mozos e mozas empadroados. Contémplanse descontos nos campamentos infantil e xuvenil para o segundo fillo na mesma actividade (25%), terceiro fillo (50%) e cuarto fillo (de balde).

AXENDA DO MES DE ABRIL

Domingo
8

Campionato de judo
Pavillón Municipal de O Forte
Dende as 10.30 horas
Entrada de balde
Competición de escolares federados de ata 12 anos.

Martes
10

Reunión informativa
Campamento Recreando
Local Social de Lestedo
20.00 horas.
Reunión informativa sobre o campamento da Acción de Verán'18 *Recreando*.

Domingo
15

Visita teatralizada ao Pico Sacro
12.00 horas
Gratuíta
A Asociación Manuel Mestre Gacio organiza a actividade.
Dirixe o guía Suso Martínez.
Inscricións no e-mail acmestremmanuelgacio@gmail.com ou no teléfono 664 444 528.

Luns
16

Coñece Galicia: Betanzos
Prezo: 20 euros
O programa inclúe visitas á feira betanceira, casco histórico e ao parque do Pasatempo. Inscricións no Departamento de Cultura (981 513 115) ata cubrir prazas.

Venres
20

Falamos de... Lactancia materna
Casa do Concello
18.00 horas
Entrada de balde
Impartida por Berta Couto, especialista en lactancia materna.

Falarase sobre mitos, beneficios ou as dificultades da lactancia materna, entre outros temas. Actividade está dirixida a embarazadas e poboación. Máis información e inscricións no 981 513 115.

Domingo
22

Estrea de Teatro
Casa da Cultura Camporrapado
18.00 horas
Entrada de balde
O Clube de Maiores de Boqueixón realizará a estrea ante a veciñanza da súa obra titulada *Urxencias*. Por motivos de aforo, é preciso retirar a entrada previamente na Casa do Concello.

Xoves
26

Unidade móbil do DNI
Casa do Concello.
De 09.30 a 13.00 horas.
Inscricións ata esgotar as prazas dispoñibles no teléfono 981 513 115.

Datos a concretar

Curso labores e manualidades

Inscricións ata o 20 de abril
Lugar e horario segundo grupo
Prezo: 15 €/mes
Inclúe calceta, ganchillo, vainica e pasta de modelar.

e en maio...

Domingo
6

Teatro
Casa da Cultura Camporrapado
18.00 horas
Entrada de balde
Novo pase da obra *Urxencias*, do Clube de Maiores de Boqueixón. Por motivos de aforo, é preciso retirar a entrada antes no Concello.

25, 26 e 27

Boqueixón en ruta: Portugal

Percorrido polas localidades de Óbidos, Buddha Eden, Figueira da Foz e Fátima
Prezo: 155 euros
O custo da actividade inclúe autobús, pensión completa, seguro de viaxe e guía. As inscricións deberán formalizarse en Cultura ata o 11 de maio ou ata cubrir prazas. Adjudicación de asento, por rigurosa orde de inscrición.